



## POLÍTICA DE CALIDADE

TRedess é una empresa pertencente á Corporación Televés, especializada en solucións profesionais de telecomunicacións. Tredess ten como obxectivo acadar unha posición líder no mercado das telecomunicacións, potenciando a súa presenza en España e fóra das súas fronteiras, co firme compromiso de satisfacer as necesidades dos seus clientes e as esixencias do mercado.

Este compromiso asumíuse ó implantar e manter un Sistema de Xestión de Calidade, baseado no cumprimento da Norma UNE-EN ISO 9001:2015. Para isto, TRedess definiu a súa Política de Calidade baseándose nos seguintes aspectos:

- Utilizar a metodoloxía da avaliación de riscos nos procesos para prever as posibles desviacións ou non conformidades do Sistema de Xestión de Calidade.
- Garantir a completa satisfacción dos clientes, asegurando a calidade dos seus produtos e servizos co fin de satisfacer as súas necesidades e cumprir cos requisitos aplicables.
- Fomentar a participación en actividades formativas para que os traballadores adquiren a competencia necesaria para adaptarse a cambios nos procesos ou a posta en marcha de novas actividades, co fin de executar os traballos de forma responsable e sostible.
- Establecer unha cultura de mellora continua en todas as áreas da Organización.
- Abordar os procesos de innovación dende un punto de vista amplo, no que teñan cabida as partes interesadas e centros de formación, mantendo unha comunicación activa cos mesmos, e establecendo procesos de colaboración co obxectivo de mellorar os nosos produtos e servizos.
- Promover o incremento do número de clientes así como a lealdade destes estimulando o crecemento sostible e rendible que a súa vez fomente a capacidade de creación de novos desenvolvementos tecnolóxicos.
- Fomentar a participación de todos os niveis da Organización como medio para conseguir os obxectivos de calidade propostos.
- Buscar as oportunidades de mellora no noso Sistema de Xestión de Calidade, a través de revisións periódicas e da permanente adecuación ás actividades da Organización.

A Dirección de TRedess comprométese a que a Organización dispoña dos recursos necesarios para que esta Política sexa comunicada, comprendida e aplicada por todos os membros da Organización, así como á posta a disposición das partes interesadas.

Director Xerente  
Febreiro 2019